

Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.¹

De entre as diversas modalidades de protección pública ás unidades familiares que se rexistran no panorama nacional e internacional destacan aquelas que consisten no ofrecemento de actividades de mediación para a solución dos conflitos familiares que poden xurdir de situacións de crise matrimonial ou de parella.

Este instrumento de mediación familiar non conta, certamente, con tradición aínda nos ordenamentos contemporáneos, mais a súa efectividade real contrastouse xa dabondo nalgúns ámbitos, mostrándose como un instrumento eficaz de solución das discordias entre esposos ou parella e, ó mesmo tempo, como un dispositivo idóneo para resolver, con solucións axeitadas, a problemática que, no ámbito particular das relacións paterno-materno-filiais, xorde co gallo deses conflitos familiares.

No contexto internacional, é particularmente salientable nesta materia a Recomendación nº 1 R(98)1 do Comité de Ministros do Consello de Europa ós estados membros, que realza a eficacia desta institución á luz das experiencias obtidas en diversos países, sinalando, entre outros beneficios, que permite mellora-la comunicación entre os membros da familia, reduce os conflitos entre as partes en desacordo, dá lugar a convenios amigables e asegura o mantemento de relacións persoais entre pais e fillos.

Advertida, neste senso, a demostrada utilidade desta institución como medio de recomposición áxil e flexible de discordias, principalmente provenientes de supostos de separación e divorcio, consistente na intervención dun terceiro, alleo ás partes en conflito e experto na materia, para ofrecerlles, co maior grao de imparcialidade, propostas de solución das súas desavinzas, chégase ó convencemento da necesidade de proceder a regular aquela, en norma con rango de lei, tamén no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a consideración principal desta institución como un mecanismo cualificado de axuda, de entre os ofrecidos polos poderes públicos galegos en virtude da competencia que en materia de asistencia social ten asumida a Comunidade Autónoma, para a protección da familia, e particularmente para a protección dos intereses superiores dos nenos e das nenas e do seu benestar, filosofía acorde cos principios recollidos na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.

A figura do mediador familiar perfílase mediante a súa caracterización como un profesional especializado, imparcial e independente, do que se require a súa actuación, por iniciativa das partes, para os efectos de facer posible a apertura de canles de comunicación entre elas, proporcionándolles con este fin un procedemento de negociación que lles permita acadar solucións satisfactorias para as súas situacións de conflito familiar, sen necesidade, polo tanto, de atribuírlle facultades decisorias ou dirimentes sobre o conflito, como é propio das arbitraxes.

En efecto, por limitarse a súa función a proporcionarlle auxilio e apoio á negociación entre as partes, a súa actuación materializarase na simple mediación

¹ Publicada no DOG núm. 117, do 18 de xuño de 2001. Corrección de erros publicada no DOG núm. 223, do 19 de novembro de 2001.

conciliadora ou, de se-lo caso, en propostas de solución que serán aceptadas, ou non, libremente polos suxeitos en conflito; do que se extrae que esta institución participa, en realidade, das características técnicas da mediación e da conciliación.

Queda así configurada a amentada institución como manifestación dunha actividade de interese público, promovida pola Xunta de Galicia en razón da indubitada utilidade pública que representa a axeitada organización e prestación deste servizo para as familias e as unidades de convivencia estable con residencia en territorio galego, e particularmente para os nenos e as nenas, que, en situación de conflito familiar, requiren solución axeitada ós problemas que xorden, para eles especialmente, nos casos de separación ou divorcio, en canto se refire á súa garda e ó dereito de visita a eles polos seus pais.

A partir destas delimitacións previas, a consellería competente en materia de familia, a través da unidade orgánica que se determine regulamentariamente, exercerá as funcións necesarias para facer efectiva a actividade de mediación familiar a prol de todas aquelas persoas que a precisen e demanden.

A lei estrutúrase nun título preliminar e dous títulos. O título preliminar, baixo a rúbrica de disposicións xerais, recolle aquelas normas que inspiran e configuran os perfís básicos da institución, en canto á súa natureza e significado e ó seu contido e alcance, ós suxeitos ou partes lexitimadas para instala e ás cuestións que poden someterse a mediación. O título I, regulador da ordenación da mediación familiar, divídese en dous capítulos. O capítulo I dedícase á configuración xurídica da institución da mediación familiar, da que se destacan as súas características. O capítulo II ocúpase do desenvolvemento e da tramitación das actividades de mediación. E o título II configura o seu réxime sancionador. Conclúe a lei con dúas disposicións derradeiras, a primeira habilita o seu desenvolvemento regulamentario e a segunda refírese á súa entrada en vigor.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.21º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei reguladora da mediación familiar.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1.-Obxecto da lei.

1. É obxecto desta lei a regulación da institución de mediación familiar en Galicia, como método de procura-la solución dos conflitos que poidan xurdir en supostos de ruptura matrimonial ou de parella.
2. A mediación familiar que regula esta lei poderá utilizarse tanto con carácter previo á iniciación de procedementos xudiciais coma para acharlles saída a procedementos xudiciais en

curso, co fin de obter solucións ás causas determinantes dos conflitos matrimoniais ou de parella.

Artigo 2.-Concepto de mediación.

Por mediación familiar entenderase, para os efectos desta lei, a intervención dos profesionais especializados requiridos voluntariamente e aceptados en todo caso polas partes en condición de mediador. Estes serán expertos en actuacións psico-socio-familiares que actuarán en funcións de cooperación e auxilio a aquelas persoas que teñen ou tiveron unha relación familiar, para ofrecerlles unha solución pactada á súa problemática matrimonial ou de parella.

Artigo 3. Finalidade da mediación.

1. Os programas de mediación familiar terán como finalidade o asesoramento, a orientación e a procura dun acordo mutuo ou a aproximación das posicións das partes en conflito a prol de regular, de común acordo, os efectos da separación, do divorcio ou da nulidade do matrimonio, ou ben a ruptura da unión, así como en conflitos de convivencia, en beneficio da totalidade dos membros da unidade familiar.²

2. Con esa finalidade principal, as persoas mediadoras orientarán a súa actividade a aproxima-los criterios de cada parte en conflito, a prol de obter acordos principalmente sobre as relacións paterno-materno-filiais, a custodia e os alimentos logo da ruptura matrimonial ou de parella.

Artigo 4.-Formas de iniciación.

Poderán promoverse a mediación familiar:

1.-As persoas unidas por vínculo matrimonial, para os efectos de:

a) Procurar solucións ás situacións de conflito que poidan suscitarse entre elas en calquera momento anterior á incoación dun proceso xudicial sobre a súa situación de crise familiar, mediante ofrecemento de propostas de solución que eviten chegar á ruptura do vínculo ou que sirvan para arranxa-lo conflito na vía xudicial.

b) Buscar saída pactada ós conflitos suscitados nos procesos xudiciais de separación, divorcio ou nulidade que se atopen en trámite, sexa mediante a aceptación de común acordo do convenio regulador da separación ou do divorcio proposto, ou sexa para a instrumentación dos medios axeitados que posibiliten o mellor cumprimento e execución das sentencias recaídas nos ditos procesos, de conformidade co pactado previamente entre as partes.

² Redacción do número 1 dada pola disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG núm. 152, do 7 de agosto de 2007).

2.-Aquelas persoas que, tendo formada unha unión estable de parella, entren nunha situación de crise de convivencia e acepten a intervención dunha terceira persoa mediadora que lles ofrezca apoio para atopar solucións pactadas, particularmente no tocante ás súas relacións paterno-materno-filiais.

3.-A autoridade xudicial poderá propoñerlles ás partes, de conformidade co previsto na lexislación civil e procesual, a mediación durante o desenvolvemento dos procesos de separación, divorcio ou nulidade ou en calquera outro suposto de ruptura da convivencia de parella.

Artigo 5.-A figura do mediador.

En cada actuación de mediación intervirá unha persoa que estea inscrita no Rexistro de mediadores. Para estes efectos, as ditas persoas deberán reuni-los requisitos de experiencia profesional e formación específica que se establezan regulamentariamente, pero en todo caso serán expertos en actuacións psico-socio-familiares.

Artigo 6.-Ámbito.

1. As cuestións que poderán someterse a unha actuación de mediación familiar serán todas aquelas, derivadas das relacións persoais ou paterno-materno-filiais, das que poidan facer disposición as partes e sexan susceptibles de ser cuestionadas xudicialmente.

2. As actuacións de mediación familiar poderán acada-la totalidade das relacións persoais e paterno-materno-filiais ou circunscribirse a unha mediación parcial, limitándose en canto ás relacións persoais ás cuestións económico-patrimoniais e en canto ás paterno-materno-filiais ós aspectos do exercicio da potestade, da custodia ou do réxime de visita dos fillos.

3. Esas actuacións deberán estar presididas pola súa orientación preferente á preservación do interese superior e o benestar dos fillos, tendo en conta o respecto ó principio de que ámbolos dous proxenitores manteñen obrigas comúns no tocante á súa crianza e ó aseguramento, dentro das súas posibilidades e medios económicos, das condicións de vida necesarias para o seu desenvolvemento integral.

4. O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, e en materia de familia, a través dos seus recursos propios, ofrecerá programas de mediación e de orientación familiar, de xeito individual ou dirixidos ás familias no seu conxunto cando exista unha situación de deterioración da convivencia familiar. Estes programas preverán de xeito prioritario a prevención de situacións de violencia de xénero.³

³ Redacción do número 4 dada pola disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG núm. 152, do 7 de agosto de 2007).

Título I

Ordenación da mediación familiar

Capítulo I

Características da institución de mediación familiar

Artigo 7.-Características da institución.

1. A mediación é unha institución baseada na autonomía da vontade, na medida en que son as partes en conflito as que teñen que demandar, pola súa libre iniciativa, a actuación dunha persoa mediadora, e, logo de iniciarse a actuación mediadora, poden manifestar en calquera momento o desistimento á mediación requirida.

2. A actividade mediadora terá por obxecto a prestación dunha función de auxilio ou apoio á negociación entre as partes, concretándose, se é o caso, na facultade da persoa mediadora de propoñer solucións, que serán aceptadas ou non libremente polos suxeitos en conflito. A persoa mediadora, baixo esa habilitación, poderá tamén declara-la terminación anticipada das súas funcións conciliadoras, pola imposibilidade de chegar a unha solución pactada do conflito, nos termos do artigo 15 desta lei.

2 bis. O persoal especializado dos servizos de mediación elaborará, en cada caso, un informe no que se especifique a idoneidade do recurso de mediación.⁴

3. A mediación poderá promoverse e concertarse denantes da iniciación das actuacións xudiciais ou durante o desenvolvemento destas, co coñecemento do xuíz neste último suposto.

4. En todo caso, a mediación familiar deberá axeitarse no seu desenvolvemento ás disposicións contidas nesta lei.

Artigo 8.-Principios informadores.

1. As actuacións derivadas do procedemento de mediación estarán presididas polos principios de voluntariedade e rogación, e desenvolveranse de acordo cos principios de antiformalismo, flexibilidade, inmediatez, confianza e segredo.

2. O procedemento de mediación deberase desenvolver de acordo cos postulados de imparcialidade e neutralidade da persoa mediadora e deberá quedar garantido que este respectará os

⁴ Número 2 bis introducido pola disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG núm. 152, do 7 de agosto de 2007).

puntos de vista das partes e preservará a súa igualdade na negociación, absténdose así mesmo de promover actuacións que comprometan a súa necesaria neutralidade.

3. En todo caso, deberá quedar garantido que as decisións que se adopten manterán o respecto ós intereses superiores e benestar dos nenos e das nenas.

4. Interromperase, ou se é o caso non se iniciará, calquera proceso de mediación familiar cando nel estea implicada unha muller que sufrise ou sufra violencia de xénero.⁵

Artigo 9.-Gratuidade da prestación.

1. A prestación do servizo de mediación será gratuíta para todas aquelas persoas que reúnan, ou poidan reunir, a condición de beneficiarias do dereito de asistencia xurídica gratuíta, que, baseándose nos criterios establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, determinará a consellería competente en materia de familia. Noutro caso, os interesados deberán aboa-lo importe do servizo, de acordo coas tarifas establecidas na lexislación vixente.

2. Cando o beneficio aproveite a un só dos membros da parella, o outro non terá que aboar máis cá metade do custo da actividade de mediación.

3. A consellería competente en materia de familia non poderá recoñecer de novo o beneficio da mediación gratuíta ata transcorrido alomenos un ano cando as partes en conflito, ás que lles fose concedido, impidisen o desenvolvemento da función da persoa mediadora ou fosen as causantes da imposibilidade de adopción do acordo proposto, non sendo que se aprecien circunstancias especiais que aconsellen o contrario.

Artigo 10.-Colaboración das partes.

Durante o desenvolvemento da mediación familiar, as partes terán que mante-lo seu compromiso de respecto ás actuacións promovidas pola persoa mediadora, mantendo unha posición de colaboración e apoio permanente ás súas funcións.

Artigo 11.-Deber de segredo e confidencia.

1. De conformidade co establecido no artigo 8.1 toda a información obtida no decurso da mediación estará afectada polo deber de segredo e polo seu carácter confidencial, estando en consecuencia tanto as partes coma a persoa mediadora obrigadas a manter en reserva sobre o desenvolvemento do procedemento negociador.

2. Exceptuáanse do disposto no apartado anterior os seguintes casos:

⁵ Número 4 introducido pola disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG núm. 152, do 7 de agosto de 2007).

- a) A información relativa a un procedemento de mediación en curso requirida polo xuíz.
 - b) Toda a información requirida polo ministerio fiscal no exercicio das súas funcións.
 - c) A consulta dos datos personalizados para fins estatísticos.
3. Cando no decurso da mediación xurdisen indicios de comportamentos que supoñan unha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha das persoas afectadas pola mediación, aqueles poñeranse inmediateamente en coñecemento da autoridade xudicial ou do ministerio fiscal.

Capítulo II

Desenvolvemento das actuacións de mediación

Artigo 12.-Iniciación do proceso.

1. A mediación poderá iniciarse por petición de ámbolos dous cónxuxes ou de común acordo da parella, ou por solicitude dunha das partes coa aceptación posterior da outra, xa actúen por propia iniciativa ou ben por proposta da autoridade xudicial.
2. A persoa mediadora, en todo caso, será designada de común acordo polas partes entre as inscritas no rexistro a que fan referencia os artigos 5 e 18. De non ser así, terán que aceptar a persoa habilitada e designada como mediadora pola consellería competente en materia de familia para o desenvolvemento desas funcións.
3. Para o caso de que a persoa mediadora sexa designada pola consellería competente en materia de familia, esta notificaralle o nomeamento á persoa designada.
4. Regulamentariamente estableceranse as causas de abstención e recusación.

Artigo 13.-Desenvolvemento do proceso.

1. A actuación mediadora iniciarase a través dunha primeira xuntanza, na que as partes expoñerán os motivos que as levan a facer uso do servizo. Posteriormente a persoa mediadora expoñerálle-lo programa de actuacións para a súa consideración.
2. Logo da exposición da persoa mediadora, as partes manifestarán, ou non, a súa conformidade coas súas propostas. A desconformidade das partes con estas poderá dar lugar á aplicación do disposto no artigo 15 desta lei.
3. En calquera momento do proceso, as partes poderán manifesta-lo seu desacordo coa persoa mediadora por elas designada de común acordo, rexeitando a súa intervención. Neste suposto

poderán convida a designación dunha nova persoa mediadora ou, noutro caso, aceptarán a persoa designada pola consellería competente en materia de familia, nos termos previstos no artigo 12.2 desta lei.

4. De cada unha das sesións elaborárase un informe, no que se fará mención do lugar e da data da súa realización e das circunstancias baixo as que discorreu aquela, con indicación particular das incidencias xurdidas no seu desenvolvemento.

Artigo 14.-Duración do proceso.

1. O tempo de duración da mediación será o que sexa preciso en atención ó número e á complexidade das cuestións conflictivas suscitadas polas partes. En calquera caso, non excederá de tres meses, que se contarán desde a data da xuntanza inicial, agás que as partes en conflito e a persoa mediadora propoñan e xustifiquen a necesidade dunha prórroga deste prazo, que non poderá exceder doutros tres meses.

2. No transcurso da actuación mediadora, a persoa mediadora poderá solicitar toda a axuda e o asesoramento que precise da consellería competente en materia de familia para o mellor desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 15.-Formas de terminación.

1. De mediar acordo voluntario entre as partes sobre o obxecto da mediación darase por concluída esta e estenderase unha acta sobre o desenvolvemento das actuacións e os termos do acordo acadado.

2. A mediación poderá rematar tamén cunha proposta da persoa mediadora aceptada polas partes na acta. Esta aceptación das partes poderá ser total ou parcial, consignándose así na dita acta.

3. Para o caso de que fose imposible chegar a un consenso sobre o obxecto da mediación, fírase constancia da causa ou as causas e darase por rematada a actividade mediadora en calquera momento do seu decurso, baixo a sinatura, así mesmo, da acta polas partes.

Artigo 16.-Deber de comunicación.

1. As persoas mediadoras, logo de estendidas as actas finais e de asinadas por elas e polas partes, deberánlle comunicar á consellería competente en materia de familia os datos de cada mediación para efectos estatísticos, respectándose en todo caso a confidencia e o anonimato dos usuarios do servizo.

2. Por petición da autoridade xudicial a consellería competente en materia de familia poñerá no seu coñecemento o obxecto da mediación, as actuacións promovidas pola persoa mediadora e

o acordo final acadado, se é o caso, polas partes, con expresión do seu contido, ou a imposibilidade de chegar a el.

Artigo 17.-Seguimento, control e avaliación da mediación familiar.

A consellería competente en materia de familia, a través da unidade orgánica que se determine regulamentariamente, exercerá en materia de mediación familiar as seguintes funcións:

- a) Realiza-lo estudio e a promoción das técnicas de mediación familiar, delimitando, se é o caso, normas de boa práctica que deberán ser seguidas polas persoas mediadoras.
- b) Mante-las relacións oportunas coa autoridade xudicial a prol de potenciar e instrumenta-las actividades de mediación familiar.
- c) Facilita-lo acceso a esta institución como medida de apoio á familia nas situacións de conflito.
- d) Designa-la persoa mediadora cando non o fagan as partes.
- e) Ofrecerlles apoio e asesoramento ós mediadores cando estes o precisen para o mellor desenvolvemento da súa actividade.
- f) Avalia-os procesos de mediación e resolve-las cuestións que se susciten nestes.
- g) Homologa-la formación e cualificación dos mediadores familiares.
- h) Coordinar, controlar e xestiona-lo Rexistro de mediadores familiares.
- i) Elabora-os informes que lle sexan requiridos e eleva-las propostas que se coiden oportunas a prol de mellora-la implantación e potenciación do servizo de mediación.
- j) Divulgar cumpridamente a institución da mediación familiar.

Artigo 18.-Rexistro de mediadores.

1. A consellería competente en materia de familia dispoñerá dun Rexistro de mediadores, no que se inscribirán as persoas que reúnan os requisitos de capacidade e aptitude para o desempeño desta función, nos termos expresados no artigo 5.

2. A súa organización e funcionamento concretarase regulamentariamente.

Título II

Réxime sancionador

Artigo 19.-Potestade sancionadora.

O incumprimento dos deberes que incumben as persoas mediadoras segundo esta lei, en canto supoñan actuacións ou omisións constitutivas de infracción, dará lugar ás sancións que correspondan en cada caso, logo da instrución dun expediente contradictorio.

Artigo 20.-Infraccións.

Sen prexuízo de que sexan constitutivas de delito, as infraccións cometidas polos mediadores familiares no exercicio da súa función poderán ser moi graves, graves ou leves.

Artigo 21.-Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

- a) Toda actuación que supoña unha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social das partes sometidas á mediación.
- b) O abandono da función mediadora sen causa xustificada sempre que supoña un grave prexuízo para os menores implicados no proceso.
- c) O incumprimento do deber de confidencia de acordo coa regulación do artigo 11 desta lei, agás no suposto de perigo para a integridade física ou psíquica dalgunha das persoas implicadas na mediación, de acordo co que se establece no apartado 3 do mencionado artigo.
- d) O incumprimento do deber de neutralidade regulado no artigo 8.2 desta lei.
- e) A adopción de acordos manifestamente ilegais que lles causen prexuízo grave á administración ou ás partes sometidas á mediación.
- f) Ter sido sancionado pola comisión de tres faltas graves nun período dun ano.

Artigo 22.-Infraccións graves.

Son infraccións graves:

- a) O abandono da función mediadora sen causa xustificada.

- b) A negativa a proporcionar-la información sobre un procedemento de mediación en curso cando esta sexa requirida pola autoridade xudicial ou o ministerio fiscal.
- c) A intervención nun proceso de mediación cando se dea algunha das causas de abstención regulamentariamente sinaladas.
- d) A grave falta de consideración coas partes sometidas á mediación.
- e) Ter sido sancionado pola comisión de tres faltas leves nun período dun ano.

Artigo 23.-Infraccións leves.

Son infraccións leves:

- a) O abandono da función mediadora, aínda con causa xustificada, sen comunicalo coa antelación suficiente para que a consellería competente en materia de familia poida dispoñer-la súa substitución.
- b) A negativa a proporcionarlle os datos personalizados á consellería competente en materia de familia para fins exclusivamente estatísticos.
- c) O incumprimento do deber de redacción dos informes e da acta das sesións.
- d) A dilación do proceso por causa imputable exclusivamente á propia persoa que actúa de mediadora.
- e) O cobramento pola actividade mediadora naqueles supostos nos que as partes teñan recoñecida a gratuidade desta ou ben estean en situación de que lles poida ser recoñecida.
- f) O incumprimento dos deberes e das obrigas da persoa mediadora, sempre que non deban ser cualificadas como infracción moi grave ou grave.

Artigo 24.-Sancións.

Por razón das infraccións a que se refire esta lei, poderán impoñerse as seguintes sancións:

- a) Baixa definitiva no Rexistro de mediadores nos supostos a), b) e e) do artigo 21.

Suspensión temporal para poder actuar como persoa mediadora por un período de seis meses e un día a un ano nos supostos c), d) e f) do artigo 21.

- b) Suspensión temporal para poder actuar como persoa mediadora dun día a seis meses polas infraccións graves do artigo 22.

c) Amoestación por escrito, que se consignará no expediente rexistral, nos supostos das infraccións leves do artigo 23.

Artigo 25.-Procedemento sancionador.

A imposición das sancións administrativas reguladas neste título realizarase de conformidade cos principios e logo da instrucción do oportuno expediente establecido no título IX da Lei 30/1992, do 26 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións que lle sexan aplicables.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Xunta de Galicia para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei.⁶

Segunda.-Esta lei entrará en vigor ós nove meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de dous mil un

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

⁶ Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta